



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

PROVIDENCIA DE INICIO

Expte C07-2024: "SUMINISTRO DE EQUIPO DE DESATASCOS PARA OS CONCELLOS DE MESÍA E VILASANTAR. FONDO DE COMPENSACIÓN MEDIOAMBIENTAL 2024"

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), en uso das facultades que me confire o apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Vista a resolución de 13 de xuño de 2024 da directora xeral de Administración Local, pola que se concede unha subvención á agrupación de concellos de Mesía e Vilasantar ao abeiro da ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, para financiar a adquisición de maquinaria para protección ambiental.

De conformidade co artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a presente contratación xustifícase na necesidade de protección ambiental, concretamente para reducir os problemas nas redes de sumidoiros.

Visto que o obxecto do presente contrato constitúe un contrato administrativo de suministro, de conformidade co artigo 16 da LCSP.

Considerando o procedemento máis idóneo para a presente contratación o procedemento aberto simplificado sumario con criterio automático de adjudicación, factor prezo, de conformidade co artigo 159 da LCSP, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Visto que cómpre incoar o expediente para a contratación do suministro, é polo que de acordo co artigo 116 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, RESOLVO:

Primeiro.- Iniciar o expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado sumario, do "SUMINISTRO DE EQUIPO DE DESATASCOS PARA OS CONCELLOS DE MESÍA E VILASANTAR", cun prazo de entrega de seis semanas, cun orzamento base de licitación de VINTEDOUS MIL TRESCENTOS OITENTA E CINCO EUROS (22.385,00€), desglosado nun valor estimado de DAZAOITO MIL QUINIENTOS EUROS (18.500,00 €), máis o imposto sobre o valor engadido de TRES MIL OITOCENTOS OITENTA E CINCO EUROS (3.885,00€).

Segundo.- Incorporáse ó expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas. Débese incorporar ó mesmo informe de intervención de fiscalización do gasto e existencia de crédito orzamentario e informe da secretaría do concello.

Terceiro.- Evacuados que sexan estes trámites, déaseme conta.

En Mesía, a data da sinatura dixital.

O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.